

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DA PONTE NOVA DE SOBRADELO, CARBALLEDA DE VALDEORRAS (OURENSE).**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou co concello de Carballeda de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Carballeda de Valdeorras, para a realización das obras de conservación e recuperación da Ponte Nova de Sobrado

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



**Segundo.-** O artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

**Terceiro.-** A Ponte Nova de Sobrado está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa chave 32017\_21821 e no Catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carballeda de Valdeorras do 15.02.1995 co código 9(R).

A súa configuración actual ten arredor de 350 anos tras unha remodelación realizada sobre unha ponte anterior do século XIX aínda que se ten constancia da súa construción inicial foi a mediados do século XVII. Formaba parte do antigo camiño real do Bierzo a Galicia.

Dá entrada ao núcleo da vila que está atravesado polo río Sil. Ten unha lonxitude de 100 metros e unha anchura de calzada de algo menos de 5 metros. Está realizada en pedra e consta de sete arcos e seis pías que o sosteñen. A calzada é de pavimento asfáltico.

**Cuarto.-** A causa do transcurso do tempo, é precisa unha actuación de acondicionamento e conservación da ponte de Sobrado.

Consistirá na limpeza dos paramentos da ponte (elementos vexetais, depósitos,...), así como na restauración das fábricas en zonas puntuais (selado de ocos existentes nalgunhas zonas e xuntas). Substituirase o pavimento de aglomerado asfáltico no encontro cos beirís por outro máis acorde a súa natureza, neste caso de lastra de pedra que tamén permite segregarse o tráfico rodado do de peóns.



Asemade, coa intención de dignificar a Ponte Nova de Sobrado e para darlle a vistosidade e presenza que un monumento destas características merece, proxéctase a colocación dunha instalación de iluminación exterior, tanto nos paramentos exteriores, como nos arcos e na calzada superior, eliminando a instalación actual obsoleta e inadecuada.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Carballeda de Valdeorras unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

